

# Menorca. Mar de España

A illa de Menorca atópase ubicada no extremo oriental do arquipélago balear. Nomeada tamén a illa dos ventos, constitúe a rexión máis oriental do territorio español. O nome, que procede do latín, significa “menor” e os romanos puxéronllo por ser máis pequena que a súa veciña Mallorca. Cunha superficie de 700 Km<sup>2</sup> e unha lonxitude aproximada de 47 Km, esta fermosa illa acolle unha poboación de 90.000 habitantes.

Menorca é Patrimonio da Humanidade e foi declarada Reserva da Biosfera pola UNESCO no 1993, polo que máis do 40% do territorio da illa está protexido. Polo seu interese, destaca a Reserva Mariña do Norte de Menorca, creada en xuño do 1999, que abrangue 5.119 hectáreas no mar.

O leito mariño, que moi perto da costa xa acada os 30 metros de profundidade, caracterízase polo seu bo estado de conservación, o elevado atractivo das súas paisaxes submariñas e, por suposto, unha grande diversidade de especies.

Nas amplas zonas rochosas, entre covas, gretas e bloques de pedra, innumerables organismos – tanto vertebrados coma invertebrados – topan un lugar idóneo onde habitar. Grandes langostas de longas patas asoman as súas antenas. Para un polbo inmóvil, que pasa desapercibido, é máis fácil capturar algunha presa gracias á súa capacidade de camuflaxe.

As abondosas comunidades de algas, peixe e organismos filtradores indican que a calidade das augas mariñas da illa de Menorca é moi elevada. Organismos de diversos estilos de vida enriquecen esta paisaxe incomparable, onde a vida mariña coloniza os recantos máis inesperados.

Os abundantes fondos rochosos de Menorca combínanse con terrazas de area e praderías de *Posidonia oceanica*. Nesta grande variedade de hábitats conviven diferentes especies, como as nacras, *Pinna nobilis*, que asoman ben formadas entre as follas de *Posidonia*. Coloridos serránidos, esquivos espirógrafos e numerosas especies de algas habitan neste fermoso ecosistema onde a elevada biodiversidade mariña faise patente.

Vellas historias, praias virxes e abruptas costas rochosas conforman un particular entorno de idílicas paisaxes e experiéncias inolvidables, arroupados polo clima mediterráneo.

As verdes e cristalinas augas mariñas da illa de Menorca sorprenden ao visitante a cada instante. Fermosas xoias da natureza xorden do fondo mariño para deleitarnos coa súa beleza e harmonía. Entre elas, medusas que semellan bailar, como *Pelagia noctiluca*. Enormes peixes, como o peixe lúa e o seu compañeiro o rufo imperial. Os chocos, e diversos peixes cartilaxinosos, coma o torpedo ou o milano, son so algúns dos exemplos das moitas formas que adopta a vida no mar de Menorca.